

Lingua galega e literatura. *Asociámonos.*

Actividade inicial.

1. Recolle de maneira resumida a partir da exposición oral correspondente os datos fundamentais da iniciativa da asociación ecoloxista ADEGA (<http://es.youtube.com/watch?v=TcP7ZvVWiwg>) e da do Consello da Xuventude de Galicia (<http://es.youtube.com/watch?v=t4RKuH955fk>). Eses datos son, cando menos, os seguintes:

	C.X.G.	ADEGA
Que actividade organiza		
Con que finalidade		
Con que condicións		

2. Escolle unha das dúas asociacións anteriores e imaxina que asistes como secretario á reunión na que se decidiu realizar esa actividade (como único punto da orde do día). Redacta a acta correspondente tomando como modelo o documento 1.

ACTA

Obradoiro número 1: Temos obxectivos.

1. Os obxectivos de calquera iniciativa recollen aquilo que se pretende conseguir a través dunha serie de accións. A continuación aparecen xuntos varios obxectivos pertencentes a distintas asociacións. Colocádeos no lugar que lles corresponde.

- Procurar que na nosa cidade existan lugares onde se poida xogar, educarse, xuntarse e convivir.
- Elaborar e subministrar información sobre calquera tema que poida favorecer os principios do ecoloxismo, da igualdade e da solidariedade.
- Conseguir facer cumprir de forma estricte a lexislación sobre o tabaquismo.
- Informar e educar a veciñanza en todas as cuestións que afecten a intereses xerais, en especial á información e educación dos/as consumidores/as.
- Impulsar o debate e o espallamento de ideas que permitan a busca dun modelo de desenvolvemento equilibrado entre os distintos pobos da terra.
- Poñer en marcha iniciativas económicas de comercio xusto.
- Organizar e ofrecer programas de rehabilitación e integración social.
- Contribuír á eliminación de todas as barreiras de comunicación.
- Fomentar o contacto, o intercambio e a comunicación como elementos esenciais para o desenvolvemento da cidade.

Ámbito	Asociación	Obxectivo(s)
Saúde	Non fumadores	
	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	
	Asociación Viguesa de Alcoloxía	
Veciñal	Federación Eduardo Chao	
Social	Amarante (ONG)	

2. Sinalade as entradas que considerades que poden ser obxectivos da Asociación Galega de Diseñadores. Explicade por que descartades cada un dos outros enunciados.

- Fomentar o intercambio e o encontro profesional entre os traballadores do deseño e os das demais áreas complementarias deste.
- Promover o desenvolvemento profesional, formativo, técnico e cultural dos asociados.
- Deseñar é representar algo por medio dun deseño.
- Potenciación dos Estudos Superiores de Deseño.
- Programar as accións necesarias para conseguir melloras sociais, económicas e asistenciais para os asociados.
- Que o traballo sexa coser e cantar.
- Promover o Deseño de cara á industria, os organismos públicos e a sociedade.
- Queremos que se faga a promoción internacional das actividades da asociación.

3. Revisade as actividades organizadas pola Federación Ecoloxista Galega para elaborardes a continuación algúns obxectivos (dous como mínimo) que vos parezan que teñen que estar recollidos nos seus estatutos.

CAMPAÑAS DA FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA

<http://www.federacionecoloxista.org/campanhas.html>

Campañas

A Federación Ecoloxista Galega e as asociacións que a forman desenvolven múltiples actividades reivindicativas e de sensibilización en eidos como a conservación dos espazos naturais, os residuos urbanos, os bosques, os incendios forestais, a enerxía, o transporte, a costa,....

Unha das tarefas da FEG é apoiar o traballo que desenvolven as asociacións que a integran nos seus respectivos ámbitos de actuación. Ademais, na medida das súas posibilidades, a FEG impulsa campañas conxuntas de ámbito galego sobre determinados temas. Nesta sección acharás información sobre as nosas últimas campañas.

Os bosques da terra.

Os bosques autóctonos son os propios de Galicia e os máis ricos en fauna e flora.

Compostaxe. Unha alternativa necesaria.

A transformación da materia orgánica do lixo en abono é viábel e necesaria.

Ríos para a vida. Campaña de mellora do estado de conservación dos nosos ríos.

Consumo responsábel. Actividades destinadas a fomentar hábitos ambientalmente adecuados.

Alimentos transxénicos.

Son necesarios a día de hoxe os alimentos transxénicos?

Oceanos, un patrimonio a defender.

Debemos conservar os fráxeis e ameazados ecosistemas mariños.

4. Como se escribe, logo, un obxectivo? Relede todos os anteriores e fixédevos na extensión que teñen, nas clases de palabras que se empregan necesariamente e na presenza de nomes concretos ou abstractos. A partir dos datos que extraiades, redactade tres características dos obxectivos.
5. Agora tócovos decidir para que considerades máis necesario asociarse. Seguid estes pasos:
- Indicade a finalidade principal, con que propósito se crea a asociación.
 - Especificade os posíbeis campos ou ben lugares concretos de actuación (deporte ou campo de fútbol, praias, parques...; prevención de drogodependencias ou colexios, publicidade, familias...).
 - Redactade xa uns obxectivos claros (mínimo cinco) partindo de verbos como mellorar, atender, defender, promover, organizar, impulsar, dinamizar...
 - E, por último, non vos esquezades de poñerlle un nome!

Obradoiro número 2: *Estás convocado/a unha xuntanza*



Data da xuntanza: en breve
Lugar: aula do grupo
Hora de comezo: clase de Lingua

D./na. Alumn@

Por orde do profesor, convócoo/a á próxima xuntanza, que se celebrará na data, lugar e hora indicados e coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

2º Postura da asociación ante e posíbel solicitude dirixida a

3º Rogos e preguntas.

A Pobra do Caramiñal, día de mes de ano
O/A Secretario/a

A finalidade principal deste segundo obradoiro é prepararnos para realizar unha xuntanza na que se ten que centrar un tema de urxencia e acordar como elaborar unha solicitude á institución á que lle corresponda intervir no asunto; ademais de chegar a rexistrar adecuadamente os datos fundamentais das intervencións orais que se realicen e que nos servirán para confeccionar, no seguinte obradoiro, a acta. Realizade, **no caderno**, as actividades seguintes.

1. Achegámonos, en grupos, ao labor reivindicativo dalgúns asociacións, labor que soe acompañar o organizativo (de diferentes actividades), divulgativo (campañas, comunicados á prensa...), etc. Lede con atención estas noticias tomadas e adaptadas de www.vieiros.com e contestade as cuestións de abaixo.

1/ POLA RECUPERACIÓN DOS RÍOS

ADEGA solicita a demolición do encoro do Umia

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza solicita que se proceda á demolición do encoro do río Umia, en Caldas de Reis. Esta organización sempre expresou, xa desde que se deu a coñecer o proxecto, unha postura radicalmente contraria á súa construción.

O proxecto naceu cun cúmulo de irregularidades e ilegalidades polas que nunca se debera construír. O Estudo de Impacto Ambiental era copia literal doutro proxecto de Andalucía. E o obxectivo da presa estaba falseado:

abastecer de auga ao Salnés supoñendo que ía multiplicarse varias veces a poboación actual. Ademais, a motivación de urxencia era ilegal e así o declarou tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como o Tribunal Supremo en sucesivas sentenzas.

O encoro non resolveu ningún problema, nin o do abastecemento, porque non existía (de feito non está

2/ A Asociación pola defensa da ría (APDR) denuncia a forte degradación que se está a producir no contorno de A Barosa

O contorno do parque de A Barosa, no concello de Barro, está a sufrir un forte proceso de estrago ambiental e paisaxístico que se iniciou coa actuación ilegal do concello, quen realizou importantes recheos, talas de árbores autóctonas e outros destrozos.

Despois de seren paralizadas as actuacións, os danos aínda non foron reparados e a zona vai camiño de converterse nun depósito de entullo. A APDR vén de denunciar a situación diante da Consellaría de Medio Ambiente, solicitando a retirada dos recheos e a restauración ambiental da zona.

A paralización das obras unha vez comezados os recheos non foi suficiente, sendo necesario devolver o contorno ao seu estado natural. A realización dos recheos ilegais provocou un severo dano ambiental que desde entón non

conectado a ningunha rede de abastecemento), nin o das inundacións da vila de Caldas. Pola contra, o único que creou este encoro, ademais dun grave impacto ambiental, foi un problema moi severo que nunca antes existira: diminuíu a calidade da auga de tal xeito que agora non é apta para o consumo doméstico.

Para ADEGA, o problema non é se tirar ou non a presa -teñen claro que si-, senón que de novo sexan os cartos de todos e todas os que teñan que usarse para este fin.

deixou de agravarse, seguindo a producirse na actualidade unha continua degradación que está a converter o que foi un espazo de grande valor natural e paisaxístico nun vertedoiro.



3/ QUERE DARSE A COÑECER E CONTACTAR COS REDACTORES DO ESTUDO INFORMATIVO

4/ DEPÓSITOS DE HIDROCARBUROS NO PEIRAO DE FERRAZO

A mesa de seguimento da futura autoestrada A-76 solicitará unha entrevista coa Ministra de Fomento

Os políticos e empresarios de Valdeorras, O Bierzo e Val de Lemos, membros da mesa de seguimento da futura autoestrada do Sil, celebraron a súa primeira reunión en Ponferrada. A súa principal función será vixiar que se cumpran os prazos e ter información directa dos redactores do proxecto. Para darse a coñecer pedirán unha entrevista coa Ministra de Fomento.

Á primeira reunión da mesa de seguimento da A-76 acudiron os alcaldes de O Barco, Monforte, Ponferrada, os deputados populares por Ourense e Lugo, xunto cos presidentes dos empresarios de Valdeorras e do Círculo Empresarial Leonés no Bierzo, ademais dos representantes dos sindicatos e das Deputacións. Nese encontro, a principal cuestión foi deixar claro que van vixiar o proxecto, que vén de ser adxudicado, de redacción do estudo informativo. Para estar ao pé de obra, como explicou o alcalde do Barco, Alfredo García, hai que "notificar a nosa existencia e que nos poñan en contacto directo co responsable do proxecto para ter información e poder achegar ideas". Ese contacto lograrase a través dunha entrevista que se vai solicitar para falar coa Ministra de Fomento.

A Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa solicita unha xuntanza co conselleiro de Industria

Logo da recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza pola que se anula a licenza dos depósitos de hidrocarburo de Ferrazo en Vilagarcía, a Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa vén de solicitar unha xuntanza con Fernando Blanco, conselleiro de Industria. Xaquín Rubido, representante da Plataforma, considera que é un bo momento para iniciar as negociacións para acadar "un cambio na ría".

Xaquín Rubido, representante da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, mandoulle un escrito ao conselleiro de Innovación e Industria no que lle solicita unha reunión urxente logo da sentenza do TSXG en relación aos depósitos de hidrocarburos no peirao de Ferrazo. Rubido cre que a Plataforma está agora totalmente lexitimada para negociar unha posíbel saída dos depósitos da ría e por iso reclama un diálogo que nunca se deu durante a xestión do anterior goberno autonómico. No escrito, o representante da PDRA expón os diferentes motivos polos que considera fundamental a convocatoria dunha xuntanza. Segundo Rubido, a plataforma vén denunciando desde hai anos as irregularidades que se deron na tramitación dos permisos necesarios para pór en marcha as instalacións, así como o incumprimento da normativa de seguridade.

Cuestións:

- A solicitude da *Asociación pola defensa da ría* non se recolle no titular da noticia, como acontece nos demais casos. Que demanda a APDR en concreto?
- Que teñen en común a solicitudes recollidas nos textos 1 e 2? E as dos textos 3 e 4?
- Con que datos e razóns (argumentos) se xustifica cada unha das reclamacións?

2. A partir do texto 2, completade esta solicitude (real, mais aquí simplificada):

<p>CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE SERVIZO DE XESTIÓN E INTERVENCIÓN AMBIENTAL</p> <p>Dona María Peón Torres, con DNI nº 35323741L e domicilio a efectos de notificación en Pedre nº 136, 36139 Cerdedo, como membro da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra e en representación da dita asociación,</p> <p>EXPÓN e quere denunciar os seguintes feitos:</p> <p>Tras a comezados no lugar de A Barosa, concello de Barro, o pasado mes de xuño por parte de Augas de Galicia -e só despois dunha denuncia feita pública do proxecto que, promovido polo propio concello, pretendía construír un aparcadoiro e unha cafetería neste parque natural-, na Asociación Pola Defensa da Ría vimos constatando que.....</p> <p>Xa que logo, a APDR SOLICITA que se proceda á retirada inmediata dos recheos e residuos depositados nas proximidades do río e á do contorno.</p> <p style="text-align: right;">En Pontevedra, a 19 de xaneiro de 2007</p>

3. **Individualmente**, planifica a(s) túa(s) intervención(s) na reunión. Convén, en primeiro lugar, informarse mellor sobre o ámbito de actuación da asociación. Nunca está de máis preguntar a quen sabe do tema (mellor se son varias persoas), pasar pola biblioteca-hemeroteca ou revisar (aproveitando os seus buscadores) a prensa dixital ([http://gl.wikipedia.org/wiki/Medios de comunicaci%C3%B3n de Galicia](http://gl.wikipedia.org/wiki/Medios_de_comunicaci%C3%B3n_de_Galicia)) ou a Galipedia (<http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>). Logo fai un guión no que se recollan estes datos:

- o que cres que é máis importante e urxente para tratar de solucionar de acordo cos obxectivos que estableceste para a vosa asociación;
- a quen (Consellería, Concello...) lle haberá que solicitar que interveña;
- que datos básicos sobre o problema haberá que transmitirle;
- que petición ou demanda concreta se tería que realizar.

Podes tamén poñer por escrito algún pé para as túas intervencións (pero non para ler!), do tipo “Eu considero que ante un problema coma este, que afecta á dignidade das persoas, teríamos que solicitar unha entrevista con...”.

4. Tamén **individualmente**, practica o seguimento da exposición oral de propostas. Atende o vídeo *Pleno xuvenil no Concello de Vigo* (unha adaptación de http://br.youtube.com/watch?v=d_0SwKPCLHw), no que se aborda o tema da igualdade real entre homes e mulleres, e anota sinteticamente o contido das intervencións. Só o poderás ver/oír unha vez, polo que non se trata de intentar transcribir todo, cousa imposible e innecesaria, senón de recoller o máis importante de forma resumida, indicando sempre quen expón as ideas. Por exemplo: “concelleiro X: garantir igual salario no traballo”. Despois contrasta as túas anotacións coas dos demais e coas do profesor: conseguiches atender todas as propostas?, recollíchel as fielmente mais con expresións sintéticas?, como poderías mellorar este labor?

5. Realizamos a xuntanza. Emparéllanse os grupos e un de cada dous fará a reunión, mentres os integrantes do outro grupo farán de secretarios, postos de pé ao redor. Ao rematar a primeira quenda de reunións (sobre 15 minutos), cámbianse os roles.

No momento da xuntanza, o grupo nomeará un moderador, que coidará que **as intervencións se efectúen con orde** e que se chegue a consensos, ademais de dar el tamén a súa opinión de acordo co seu guión, coma todos os demais. Por suposto, todo o mundo terá que practicar a expresión **en galego**; o profesor poderá gravar parte da reunión. Ao final terase que recoller, cadaquén no seu caderno, as seguintes cuestións (que serán fundamentais para comezar a planificar a solicitude que haberá que escribir no seguinte obradoiro):

- ✓ cal é o problema central que a asociación quere que se resolva
- ✓ quen será o destinatario da solicitude
- ✓ que razóns achegá a asociación para que se atenda a demanda

Cando toque facer de secretarios, cadaquén anotará as sucesivas intervencións ao xeito da práctica realizada co vídeo, sen cortar en ningún momento a dinámica da reunión (non se poderá pedir que se repita ou aclare o dito). Intentarase anotar, na orde na que se vaian presentando, as distintas ideas, acompañadas do nome da persoa que as expuxo e da finalidade (proposta, apoio a unha proposta, matización, obxección, suxestión, queixa...). Esa información será empregada logo para elaborar a acta. Así, deberase utilizar unha folla con estas entradas:

Xuntanza da asociación:			
Intervencións	Contido	Finalidade	Autor
1ª			
2ª			
3ª			
4ª			
5ª			
.....			
Principais acordos aos que se chegou:			

Ficha complementaria para a realización da actividade 4 do obradoiro *Estás convocado/a a unha xuntanza.*

Para comprender ben un texto oral e recoller resumidamente o seu contido, debemos sobre todo **atender ben** e **seleccionar a información** máis importante (non as ideas repetidas ou moi secundarias), recolléndoa por medio dun destes dous recursos:

a) **reproducción das palabras ou oracións que expresan as ideas ou os datos fundamentais.**

Por exemplo, unha intervención coma esta nunha asemblea do alumnado:

“Eu creo que debemos facer folga, igual cós outros institutos da comarca, e pasar de vir á clase, porque temos que presionar os centros de ensino todos xuntos, cantos máis sexamos mellor para que se atendan as nosas demandas.” (Xabier)

resumiríamola así:

Xabier considera que se debe ir á folga e facer máis presión para que se atendan as demandas.

b) **emprego de expresións que engloben un conxunto de datos ou ideas (xeneralización).**

Así, estoutra intervención:

“Non podemos esquecer, senón máis ben ter moi en conta, que se imos á folga perderemos clases e os profesores poden dar por explicados algúns temas que logo teremos que preparar pola nosa conta ou, se non, teranse que tratar despois moito máis á présa, o que fará máis difícil entender as cousas e aprobar.” (Fran)

pódese sintetizar deste xeito:

Fran di que hai que considerar que facer folga traerá consigo consecuencias negativas nos estudos.

Exercicios para realizar na aula sobre o texto oral do vídeo *Pleno xuvenil de Vigo.*

1. Atendemos ben. Completa, seguindo o vídeo, esta proposta que fai o concelleiro:
“Punto número 3. A elaboración por parte das empresas dun no que saia implicado o salario anual de cada traballador, conforme os pagos amosen Estes informes deberán ser comprobados por inspectores.”
2. Recollemos as ideas ou datos fundamentais. Sintetiza as propostas seguintes tras escoitalas.

Punto número 6:

Punto número 7:

3. Recollemos a información a través de expresións que dean unha idea global. Inténtao ao anotares a opinión final que expresa o concelleiro.

Opinión final:

LINGUA GALEGA E LITERATURA. *Asociámonos*. Obradoiro 3.

Un **texto** é un acto de comunicación completo, emisión falada ou escrita con unidade comunicativa. Desde un saúdo ou unha nota ata unha conferencia ou unha novela.

A respecto do seu uso, hai que ter en conta en primeiro lugar que os textos se empregan socialmente en distintos **ámbitos**: nos medios de comunicación, nas relacións interpersoais, na literatura, nas institucións e no ámbito escolar, fundamentalmente.

Se queremos clasificar os textos empregados neses ámbitos, teremos que atender a variedade dos elementos da situación de comunicación (emisor, receptor, etc.), que dá lugar a distintos **tipos de texto**. Porque ao falar ou escribir sempre existe unha intención: informar, convencer, ordenar... Así, os textos poden ser:

- Narrativos: teñen como finalidade informar sobre feitos reais ou imaxinarios, sobre acontecementos que se desenvolven no tempo.
- Descritivos: a súa finalidade é presentar como é a realidade, as súas calidades.
- Instrutivos: aconsellan, ordenan...
- Expositivos: informan co fin de facer entender algo, especialmente ideas.
- Argumentativos: neles deféndense opinións e ideas para convencer.

Mais, dentro de cada tipo atopamos textos con formas moi diferentes. Son os **xéneros textuais**, os diferentes textos recoñecidos socialmente e que se usan en situacións concretas de comunicación: un anuncio, unha reportaxe, unha receita, etc.

Se exemplificamos dentro dun ámbito, por exemplo o dos medios de comunicación:

ÁMBITO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

Tipos de texto:	Descritivos	Narrativos	Expositivos	Argumentativos	Instrutivos
Xéneros:	<i>Pé de foto...</i>	<i>Noticia, dossier...</i>	<i>Entrevista, Parte meteorolóxico...</i>	<i>Artigo, carta ao director...</i>	<i>Receita...</i>

Temos que ter en conta, iso si, que un xénero textual pode pertencer a máis dun tipo textual (por exemplo, unha crónica pode ter narración, descrición e exposición).

No ámbito das institucións, en concreto no das relacións entre a Administración e a cidadanía, encádranse os xéneros da solicitude e a acta. Neles emprégase a **linguaxe administrativa**, que se caracteriza por:

- ◆ Seguir esquemas (estruturas e formas) fixos e convencionais.
- ◆ Incluír a identificación do lugar e a data e mais a sinatura, que é o que lle outorga validez ao texto.
- ◆ Posuír claridade e obxectividade, pois recolle feitos, regulamentos e leis.
- ◆ Empregar sobre todo a exposición e a argumentación. Algúns exemplos:

Tipos de texto	Xéneros
EXPOSITIVOS	acta, solicitude, bando, certificado, currículum vitae, normativa...
ARGUMENTATIVOS	instancia, reclamación...

A acta é un documento no que se rexistra de xeito resumido as intervencións e os acordos dunha reunión dos membros dunha sociedade ou asociación.

Os **elementos** que aparecen nas actas son os seguintes:

- **Encabezamento**, cun título extenso no que se precisa a xuntanza de que se trata e mais cunha introdución na que consta o nome e apelidos das persoas asistentes e mais a data, hora de comezo, hora de remate e lugar.
- O **desenvolvemento**, no que se expón o tratado en cada un dos apartados da orde do día, con mención das persoas que participan en cada caso.
- O **peche**, que comeza cunha expresión como *E sen tratar ningún outro asunto, terminou a xuntanza, da que dou fe como secretario/a*, e remata co visto e prace do/a presidente/a e as sinaturas.

A solicitude -a través de instancia- é un documento dirixido a algún organismo público ou autoridade da Administración (Consellería, Concello, Deputación...) por medio do cal se pide algo ao que se cre ter dereito de acordo coa lei.

No seu formato aparecen sempre:

Diagrama de formato de unha solicitude dividido en tres seccións principais:

- Introdución:** Contén un campo para "[Datos persoais]" seguido de dúas liñas de texto.
- Comunicación:** Comeza con "EXPÓN:" seguido de dúas liñas de texto. Despois aparece "Que" seguido de dúas liñas de texto, e "Por isto,". A continuación aparece "SOLICITA que" seguido de dúas liñas de texto.
- Peche:** Contén "Lugar, data completa", "Sinatura" e "[CARGO AO QUE SE DIRIXE. Por ex:] ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO...".

TEXTOS:

Dona. Sandra Gullón Pereiro, con N.I.F. X, residente no Concello de Ames, parroquia de Roxos, lugar Constenla nº X, na súa calidade de presidenta da Asociación Valadés, con C.I.F. X, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 16, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade,

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Que coñecemos e aceptamos as bases que rexen a convocatoria de subvencións para realización de actividades do Concello de Ames, bases que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 126 co data 2 de xuño de 2007.

Que nos sometemos ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que os fins aos que dediquemos a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Que nos comprometemos a difundir na publicidade das actividades o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración da Concellaría de Cultura e Deportes.

Que as subvencións solicitadas a outras entidades, públicas ou privadas, para esta mesma finalidade, son as que a continuación se detallan:

ENTIDADE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
Deputación de A Coruña	4.500 €	2.000€

Ames, 18 de setembro de 2007.

Asdo./ Sandra Gullón Pereiro

D.Xesús Abuín Simes, director da Escola de Música Melson

CERTIFICA:
Que Iria Canaval Represas cursou nesta escola os estudos de solfexo elemental durante os anos 2005-2007.
Que obtivo resultados satisfactorios e acadou o diploma correspondente, o cal aínda se está a tramitar.
E para que así conste, e a pedimento da interesada, redáctase o presente certificado en Ribeira, a 25 de outubro de 2007.

Sinatura
Selo

Ramón Castro Seráns, alumno de 1º de Bacharelato, con domicilio na rúa Castelao, nº 6, 2º esquerda, e DI 39559010,

EXPÓN:
Que realizou a matrícula, dentro das datas establecidas, no Bacharelato de Ciencias, elixindo como optativa unha materia de humanidades, tal como se recolle no resguardo que xunta.
Que figura nas listaxes de alumnado de Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, con asignación de todas as materias propias desta modalidade non escolliada, o cal parece evidente que foi debido a un erro administrativo. Por iso,

SOLICITA:
Que se revise a súa matrícula e sexa incorporado ao grupo de Bacharelato de Ciencias.

A Coruña, 18 de setembro de 2006
Ramón Castro Seráns

SRA. DIRECTORA DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
OS AREAIS

Prezado Sr./Sra. Director/a:

Veño de visitar o seu web e quero transmitirle que estou fachendoso de que unha empresa galega traballe dende as novas tecnoloxías. Mais boto en falta algo: poder ler o seu contido na lingua propia de Galiza, a miña lingua.

Para o seu coñecemento e efectos, e como potencial cliente desa entidade, desexo manifestar o meu descontento polo menoscabo que coa lingua propia deste país ten a entidade que vostede dirixe. Desexo facerlle constar que me agradaría que toda a documentación e publicidade, incluíndo as súas páxinas Web que veño de visitar, estivesen na miña lingua.

Quero tamén expresarlle o meu profundo desagrado ao atopar topónimos deturpados no seu web que ofenden o meu orgullo, polo que lle prego que, para a miña satisfacción como potencial cliente, empreguen as formas oficiais.

Infórmoo de que estas cuestións terán moita importancia para min á hora de elixir ou cambiar de empresa nos tramos de servizos que prestan.

Atentamente.
Xano Cebreiro.

Comunidade de veciños Sálvora. Rúa Sálvora, nº 34. 15999
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Compostela, a 25 de novembro de 2006

Consortio de Augas
r/ Canellas, s/n
15702 Santiago de Compostela

Os veciños/as da rúa Sálvora, aínda que descoñecemos as causas, pagamos os efectos dun mal e irregular servizo de auga nestas últimas semanas.

Sen recibir explicación ningunha, interrómpese con frecuencia o subministro nas horas punta do día. Poida que a anomalía se deba ás obras que se están a efectuar na rúa, fronte ao inmobile no que vivimos.

Por tanto, sexa cal for a orixe do problema, rogamos subsanen as deficiencias sinaladas o antes posible, e que, en caso de ter que cortar o subministro en momentos puntuais, o vecindario sexa debidamente informado para poder organizar as tarefas domésticas, de limpeza e hixiene.

Confiando en ser atendidos/as, saúdaos atentamente

Ado.: Presidenta da comunidade de veciños
Xulia Cortizas Abel

ACTA DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA DO CLUB DE NATACIÓN «O TRAMPOLÍN»

En Pontevedra, a 26 de maio de 2007, ás 20 horas en primeira convocatoria e ás 20.30 horas en segunda convocatoria, na sede social do club, reúnen-se os socios que ao final se relacionan en Xunta Xeral Extraordinaria coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. *Lectura e aprobación da acta anterior.*

Por parte do secretario dáse lectura á acta anterior, que é aprobada sen oposición.

2. *Presentación do presuposto de obras para a renovación das duchas dos vestiarios.*

Por parte da tesoureira preséntanse dous presupostos alternativos para a execución das obras. Ambos ascenden a cantidades similares. Despois de comentalos amplamente, decídese optar polo presentado pola empresa «Obras e Reformas S.L.» por un total de 10 528 €.

ROGOS E PREGUNTAS

Algúns socios fan fincapé na necesidade de que se teña especial coidado en manter hábitos hixiénicos, para evitar a proliferación de fungos e outras infeccións.

E sen outros asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21.52 horas.

V. e Pr. A presidenta

O secretario

A tesoureira

Helena Hortas Branco

Pablo Fontes Crespo

Irene Lema Fontes

Socios asistentes: [Listado]

ACTA DA XUNTANZA DA ASOCIACIÓN XUVENIL *TREVO TRES*

Asistentes:

Dna. Dolores Amil Suárez (Presidenta)

Dna. Carme Cebreiro Rendo (Vicepresidenta)

D. Xabier Covelo Ares (Secretario)

D. Carlos Fernández Pardo

Dna. Laura Gómez Noia

Data: 25 de marzo de 2007

Hora de comezo: 19:00

Hora de remate: 21:30

Lugar: Ourense

DESENVOLVEMENTO DA XUNTANZA. Ábrese a sesión de acordo coa seguinte orde do día:

1. Organización das actividades do segundo trimestre do ano.
2. Rogos e preguntas.

Comeza o tratamento do primeiro punto coa intervención de Dna. Carme Cebreiro Rendo, quen fai referencia á planificación anual de actividades aprobada na xuntanza do 15 de xaneiro e informa sobre as xestións realizadas pola Xunta directiva ante o Concello e sobre os contactos establecidos con diferentes entidades para a realización dunha feira microlóxica e mais dun café-concerto. D. Carlos Fernández Pardo propón crear dúas comisións que se encarguen da organización das citadas actividades. Dna. Laura Gómez Noia indica que lle parece unha medida moi necesaria para evitar a carga de traballo á que teñen que facer fronte sempre as mesmas persoas. A presidenta pon a votación a proposta e esta é aceptada por unanimidade. Así, créase a Comisión de feiras e mais a Comisión de concertos e decídese convocar reunións específicas a comezos de abril.

A socia Laura Gómez Noia pregunta por que non se incluíu no boletín da asociación as actividades planificadas, de xeito que todos os socios, e non só os que asisten ás xuntanzas, tivesen información suficiente ao

respecto. A presidenta responde que o boletín foi deseñado con anterioridade á reunión do 15 de xaneiro e que se vai incluír esa información no próximo, xa na imprenta.

E sen tratar asunto ningún máis, terminou a xuntanza, da que dou fe como secretario.

V. e Pr. A Presidenta

O secretario

Sinatura

Sinatura

Dna. Dolores Amil Suárez

D. Xabier Covelo Ares

★ Realizade **no caderno** estas actividades:

1. Numerade os textos que aparecen antes das actas e intentade clasificalos dentro dalgún destes xéneros: certificado, solicitude, carta de reclamación, declaración xurada. Que vos permitiu facer a clasificación mesmo sen coñecer as características deses xéneros?

2. Con que intención ou finalidade escribe o emisor cada un dos textos anteriores? En consecuencia, que tipo(s) de texto atopamos en cada caso?

3. Revisade as actas e a presentación dos elementos deste xénero textual e elaborade un esquema do seu formato semellante ao que se inclúe na explicación da solicitude.

4. Revisade o texto que clasificastes como solicitude e a esquematización dos contidos deste xénero textual e elaborade unha explicación dos seus elementos constitutivos ao xeito da que se ofrece para a acta.

5. Aproveitando a planificación da petición que quere facer a vosa asociación (as notas que tomastes cando realizastes a xuntanza segundo as indicacións do exercicio 5 do obradoiro anterior), redactade o borrador dunha solicitude -cada un/unha no seu caderno, sen empregar goma nin tipex. Atendede as seguintes indicacións:

- ✓ Deixade marxes suficientes.
- ✓ Redactade en terceira persoa.
- ✓ Poñede en maiúscula EXPÓN e SOLICITA.
- ✓ Encabezade por *Que* cada un dos motivos.
- ✓ Coidade a selección do verbo que recolle a petición e conxugádeo axeitadamente (presente de subxuntivo). Algunhas fórmulas posíbeis: *que se atenda, que se retire, que se impulse, que se permita, que se inclúa, que se poida, etc.*

Unha vez escrita, revisade se falta algún dos elementos da solicitude e se atendedes as anteriores indicacións.

6. Por último, confeccionade o borrador da acta que recolla as intervencións e os acordos da reunión do grupo ao que lle tivestes que facer o seguimento (o exercicio 5 do obradoiro anterior). Seguíde o esquema que vós mesmos/as elaborastes antes e botade man dalgún destes elementos:

- ✓ Para introducir o nome de quen intervéñ: *D./Dna., Por parte de, O/A socio/a, O/A presidente/a, secretario/a, tesoureiro/a...*
- ✓ Para indicar o tipo de intervención: *sinala, presenta, comenta, manifesta, subliña, precisa, matiza, engade, propón, suxire, esixe, pregunta, responde, insiste, solicita...*
- ✓ Para recoller os acordos: *acórdase, decídese, apróbase, acéptase...*